BARALLA

BNG
Galiza Nova
R/Miguel de Cervantes,
nº34-entrechán
Lugo 27003

Teléfonos
982 280 410
620 262 807
Fax
982 280 854
Correo electrónico
lugocentro@bng-galiza.org

Concelleiros/a:
Xosé M. Becerra Pardo
669948382
Andrés Caldeiro García
696923682
Blanca Núñez Cordero
620903589
Responsábel Local:
Heitor Dorado Herbón
638883809
www.xosemanuelbecerra-bng.org

**Estamos na WEB**
**www.bng-galiza.org**

*O BNG acusa ao tenente alcalde de usar a furgoneta do concello para usos particulares*

## O BNG PÍDELLE AO ALCALDE QUE SE MOLLE PARA RECLAMAR LLE AO MINISTERIO MELLORA S NOS ACCESOS Á N -VI

A raíz da denuncia pública que veñen de facer os veciños de Constantín, o BNG presentou unha moción na que pide que a Corporación de Baralla se dirixa á Demarcación de estradas do Ministerio de Fomento, para solicitar a habilitación dun carril de incorporación que lles permita que os veciños do núcleo de Constantín acceder ao carril correspondente da N-VI en dirección Baralla e permitir que o autobús escolar poda recoller con seguridade os cativos. O BNG lembra que o Ministerio xa colocou diversos carrís de incorporación na N-VI entre Campo de Árbore e Becerreá, e por tanto parece coherente e xusto que atendas as peticións dos veciños afectados. O BNG indica que o alcalde "ten que mollarse no tema e entrevistarse cos responsábeis de Fomento para buscar unha solución".

El Progreso — A FONSAGRADA /
viernes, 11 de enero de 2008

### El bus escolar no llega a un núcleo de Baralla al no poder girar en la N-VI

Vecinos de Constantín deben recorrer ocho kilómetros para cambiar de sentido

PILAR G. CHEDA ■ BARALLA

■ Vecinos de Constantín, en Baralla, denuncian las dificultades que tienen para llegar en coche desde sus casas, ubicadas en los márgenes de la N-VI, al centro de la localidad, situado escasamente a un kilómetro. La señalización de esta carretera —una constante línea continua— obliga a los residentes en uno de los márgenes a conducir unos ocho



## O TENENTE ALCALDE UTILIZA A FURGONETA MUNICIPAL COMO COCHE PARTICULAR

### O BNG pídelle ao alcalde que tome medidas por respecto aos veciños

Os nacionalistas acusan ao primeiro tenente de alcalde do pp, de usar un vehículo municipal con fins particulares e pídenlle ao rexedor que, «por respecto aos veciños», tome as medidas oportunas para que isto non suceda «e corte de raíz este abuso do que é cómplice necesario». A furgoneta converteuse no medio de locomoción habitual do edil popular e é do máis habitual velo, por exemplo, polas noites, tanto pola semana como en festivos e domingos, en visitas particulares. Refírense a que o coche permanece aparcado durante horas diante de vivendas particulares. O BNG pediulle ao alcalde que tome as medidas oportunas para que o vehículo municipal se dedique a uso público e que impida que "todos os veciños teñan que pagar as viaxes particulares do concelleiro do PP".

---

Baralla

# VOCEIRO DO BNG

Nº 22
Febreiro 2008

ENVÍO POSTAL SEN ENDERE-

CONTIDO

O Conselleiro de Medio Rural en Baralla 1
Orzamentos 2008 2
Problemas coas trañidas de auga 3
Outras iniciativas 4

*A Consellería de Medio Rural aposta polo rural de Baralla*

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

## O CONSELLEIRO DE MEDIO RURAL EN BARALLA

### Visitou a explotación de Xesteiro en Mazaille

O Conselleiro de Medio Rural, o nacionalista, Alfredo Suárez Canal, na compaña do Delegado da Consellería, Emilio López Pérez, e dos membros do grupo municipal do BNG, visitou a explotación gandeira de Xesteiro, en Mazaílle, (Pacios) .

Ao fronte da granxa están Carlos e Rocío, unha parella nova que apostou con moita ilusión e ganas por manter a explotación.O seu propietario ten 29 anos e o Conselleiro aproveitou a presenza doutros gandeiros e dos medios de comunicación para anunciar a próxima convocatoria de axudas ao campo, con especial mención ás destinadas a fomentar a incorporación de xente novo e as ampliacións. Tamén asistiron o vicepresidente primeiro da Deputación, Antón Bao e a concelleira de Lugo e cabeza de lista ao Congreso, Paz Abraira.



**O Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, Paz Abraira, Emilio Lopez, e o portavoz municipal, Xosé Manuel Becerra na compaña de Carlos e de Rocío, na visita á explotación de Mazaille**

# O BNG DE BARALLA ACUSA AO ALCALDE DE ESTANCAR O FUTURO DO CONCELLO CUNS ORZAMENTOS QUE REDUCEN O INVESTIMENTO EN OBRAS UN 7 %

## Non se inclúe nin un euro para a galescola, nin para un centro de día, nin para obras de traídas de auga e de alumeados públicos

*O Sr. Capón vai dispoñer de 300 millóns das antigas pesetas*

*O BNG reclamou investimentos en traídas de augas e alumeados públicos*

O BNG de Baralla, por boca do seu portavoz, X. M. Becerra, acusou ao alcalde de "dinamitar o futuro do concello, cuns orzamentos nos que se reduce o investimento en obras nun 7 %". O voceiro nacionalista lembra que xa no do 2007 se reduciu esta partida en máis dun 9 %. É dicir, en dous anos, a baixada da partida dedicada a investimentos foi de máis do 16 %.

Pero o máis grave, é que nun orzamento de 1.800.000 € non hai nin un euro para poñer en marcha a gardería, nin para un centro de día, nin para obras de traídas de auga, nin para completar os alumeados públicos pendentes, nin un plan de conservación de pistas. O Sr. Capón vai dispoñer de 300 millóns das antigas pesetas, pero non os vai utilizar para mellorar os servizos que necesitan os veciños. As obras que se propoñen son as mesmas do anos pasado e redúcense basicamente ao club fluvial, - a eterna promesa do Sr. Capón, que despois de 20 anos aínda no se cumpriu e que xa se incluía no orzamento do 2003.



O BNG presentou diversas emendas aos orzamentos do concello de 2008



Estas foron as emendas que presentou o BNG e que o PP votou en contra:

| | |
|---|---|
| **30.000 €** | **Centro de Día para maiores e discapacitados** |
| **15.000 €** | **Apertura da Galescola** |
| **18.000 €** | **Festa da Troita e recuperación ambiental e turí stica do río Neira** |
| **50.000 €** | **Plan anual de conservación de pistas** |
| **30.000 €** | **Aumento do persoal de servizo de axuda a domicilio** |
| | |

# PROBLEMAS COAS TRAÍDAS DE DE AUGA

## O BNG PEDIULLE QUE COMEZASE A FACER AS OBRAS PRECISAS PARA SOLUCIONAR O PROBLEMA

*O BNG de Baralla pediulle ao alcalde que solucione os problemas de traidas de auga*

*Durante os últimos anos non houbo previsión nas obras de traídas de auga*

O BNG pediulle ao alcalde que lle dea unha solución á situación que están a padecer diversos núcleos do concello como consecuencia do período de seca que estamos a vivir, pero tamén pola falta de previsión de e de actuacións por parte do concello. O BNG lembra que "ademais da propia vila, son varios os núcleos que teñen serias deficiencias na subministración de auga potábel e que despois de 20 anos de goberno do Sr. Capón seguen cos mesmos problemas", que se agravan en períodos de seca como o que vivimos. O BNG demandou actuacións e obras de traídas de auga que se deberían poñer en marcha. E cita os casos de Vilarpunteiro, Teixeira, Acivido, Sudrio ou Vilarello, ou o vello caso de Piñeira, e apunta que "ano tras ano, o único que fixo este alcalde, foi poñer pequenos parches". Nestes momentos, o Concello ten que subministrarlles auga cun vehículo cunha cisterna de reducidas dimensións, e afirma os nacionalistas "nin sequera se ocupa de solucionar toda a demanda que se produce"

## ABERTO O PRAZO DE INSTANCIASPARA A PRAZA DE ALGUACIL-PORTEIRO DO CONCELLO

O sábado, día 9, publicouse no Boletín Oficial do Estado o anuncio relativo á praza de alguacil-porteiro do Concello de Baralla. O prazo de presentación de instancias é de 20 DÍAS NATURAIS contados a partir da publicación do anuncio no BOE. Se precisas máis información, podes consultar en
http://www.xosemanuelbecerra-bng.org